

PEZA DO MES

outubro

2024



**AIXOLA DE SEIXO DA MÁMOA M4
OUTEIRO DE CAVALADRE**

Aixola de seixo da mámoa M4 de Outeiro de Cavaladre

A peza procede da superficie do túmulo M4 de Outeiro de Cavaladre (OCvM4), situado no lugar homónimo. Trátase, probablemente, dun monumento megalítico como outros que o rodean. A necrópole localízase nas terras chairas centrais do val do Salas, parroquia de Requiás-Guntumil. Administrativamente pertence ao termo municipal de Muíños e á provincia de Ourense. Os monumentos que a forman distribúense cun patrón sensiblemente lineal, situándose en disposición transversal na penechaira do mesmo nome, topónimo que tomamos da cartografía dispoñible, aínda que parece que a denominación orixinal, como escoitamos nalgunha ocasión, é a de «Covaladre» derivado popular de «Cova dos Ladróns», sen que poidamos constatar tal aspecto. O lugar actúa como divisoria de augas entre a Corga do Ameal e a Corga do Escairo das Cortiñas, ambas afluentes do río Salas, curso que desauga no Limia. A necrópole forma parte, case sen solución de continuidade, dun numeroso conxunto de monumentos megalíticos moi próximos do leito do río, o que reforza o carácter de megalitismo de val fronte ao máis numeroso de divisoria de augas, que na comarca da Baixa Limia representa o 75% dos monumentos que catalogamos. Cerca, case contigua do Outeiro de Cavaladre, están as necrópoles da Veiga de Maus de Salas e, río por medio, a da Veiga de Requiás. Entre todas superan o medio centenar de monumentos, se temos en conta os que permanecen case sempre somerxidos baixo o encoro así como outros túmulos illados nos cumios próximos, situados en lugares que facilitan a comunicación do val de Salas con outras unidades xeográficas limítrofes. A suma de todos os monumentos que conforman este «megalitismo de fondo de val» insinúa unha distribución xenérica que parece evidenciar o citado aliñamento paralelo ao río Salas, quizais balizando un itinerario alternativo á agreste orografía da divisoria de augas principal, definida pola serra do Xurés e fortemente caracterizada polos picos de Fontefría. Unha gran parte dos monumentos megalíticos deste val foron descubertos no decurso das prospeccións arqueolóxicas que levamos a cabo de xeito paralelo ás escavacións, no marco do proxecto de investigación *O concello de Muíños e o seu marco arqueo-xeográfico*.

Atopamos a aixola durante as citadas actividades de prospección. As coordenadas UTM do monumento

OCvM4, con referencia ao datum ERS89, fuso 29, son 589.665X /4.641.894Y, cunha altitude de 840 m.s.n.m. A ferramenta procede da terra amontoada no cráter de violación do momento, quizais despois de ser cortada parte da masa tumular de poñente pola estrada provincial OU-1205, a que une Maus de Salas con Guntumil e Requiás. As características do artefacto son as que seguen:

- Dimensións: lonxitude: 13,8 cm; anchura: 7,2 cm; groso: 4,3 cm.
- Descrición: forma xeral trapezoidal. Sección asimétrica planocóncava. Bisel planoconvexo, asimétrico e redondeado. Arestas: rectilínea/curvilínea, converxentes. Talón truncado. Caras: convexa e plana. Índices: IL=2.4; IA=0.76; IE=0.40 (valor que o sitúa xusto no límite entre unha peza con grosor plano e espeso).
- Materia prima: seixo.
- Técnica: puído distal na cara plana e desbastado no resto da peza.

Segundo a clasificación que veñen propoñendo A. Leroi-Gourhan, A.J. Fandós, R. Fábregas Valcarce ou C. González Sainz dende hai décadas, a aixola incluírase no tipo IIa, dada a súa forma xeral trapezoidal e a materia prima con que foi elaborada, moi pouco común en Galicia. Investigadores como P. Cadenat, A. Leroi-Gourhan, A.J. Fandós J., Garanger, P. e A.M. Petrequín ou R. Fábregas, entre outros, viron unha clara diferenza entre aixolas e machados. Efectivamente, tanto as tipoloxías arqueolóxicas como os estudos etnolóxicos atribúen o gume paralelo ao mango para a machada, mentres que nas aixolas ese gume actúa de xeito transversal. Ademais, as primeiras teñen seccións lonxitudinais simétricas, mentres que as aixolas as teñen asimétricas, fundamentalmente pola combinación do seu uso e sistema de enmangado. As aixolas deste tipo teñen escasa difusión nas mámoas galegas; localízanse formas semellantes en monumentos como Dombate, M4 dos Campiños, M87 da Serra Faladoira, Monte Campelos ou Pago da Matela, entre outros. Pero os numerosos paralelos para estas aixolas no actual territorio de Portugal, así como as localizacións en xacementos con filiacións cronolóxicas e culturais moi diversas, semellan amosar contextos cunha ampla cronoloxía, dende enxovais propiamente megalíticos moi temperáns, como no caso do dolmen de Carapito I, ata os localizados nos horizontes campaniformes de Palmela. Deste modo, e como dicíamos noutra ocasión con respecto ás aixolas das mámoas galegas, «...estes elementos líticos non parecen ofrecer evidencias para podelos considerar, dun xeito

firme, como indicadores de contextos cronolóxicos e culturais definidos». En todo caso, e malia a inclusión das aixolas en contextos posmegalíticos, tamén é clara a súa proliferación no mundo dolménico, como a peza que agora tratamos.

No tocante á tipoloxía, quizais o tipo II como o tipo I poderían responder a funcións específicas para acometer tarefas diferenciadas, e deberse non tanto a factores cronolóxicos. Porén, R. Fábregas Valcarce xa observaba na década de 1990 que os tipos e subtipos que propoñía se autoexcluían nos enxovais das mámoas do noroeste. A aixola da mámoa M4 de Outeiro de Cavaladre, dado que procede dunha prospección de superficie, non conta, como vimos, cuns atributos contextuais claros, polo que pouco podemos achegar ao respecto. Non obstante, debemos destacar a excepcionalidade da materia prima con que foi elaborada, seixo, xa que non coñecemos no noroeste hispánico paralelos próximos, a non ser a descuberta nunha escavación tamén dirixida por nós na M1 das Medoñas da Mourela, nas Pontes de García Rodríguez, na década de 1990. Pero neste caso trátase dunha pequena peza de 6 cm de lonxitude, tamén trapezoidal e de seixo. Apareceu nun estrato que podería corresponderse co paleosolo dun posible enterramento individual da etapa final do Megalitismo, cunha cronoloxía teórica entre o 3300 e o 2500 BC. Pero as aixolas, como vimos, a nivel xeral, ademais de aparecer en contextos tardíos, mesmo posmegalíticos, tamén aparecen en monumentos megalíticos máis antigos que se remontan aos finais do Vº mil. BC, polo que non é doado precisar a cronoloxía desta aixola de Outeiro de Cavaladre sen escavar o monumento M4.

Adóitase atribuír ás aixolas, xunto cos machados, o traballo da madeira e as deforestacións que preceden ao cultivo de novas terras ou para mantelas en uso, en consecuencia, en relación coas economías agrarias. Deste modo, participan nos intensos procesos de eliminación das masas boscosas propios da primeira economía de produción, do sistema de ignicultura denominado «roza ou estibada» (na bibliografía anglosaxoa *slash-and-burn*), «*shifting agriculture*» ou «*swidden*»). Os estudos etnoarqueolóxicos demostran que, xunto coa acción do lume, se fai precisa a eliminación das árbores por medio da súa corta directa, é dicir, abaténdoa, ou por medio da técnica do «anelado», que consiste na eliminación do tecido periférico vascular do tronco (o «*cambium*»), elemento que propicia o crecemento secundario da árbore. Nos dous casos son de grande utilidade os machados

e as aixolas, ambas ferramentas moi comúns no Megalitismo do noroeste. Habitualmente elaborados con rochas duras e tenaces, preferentemente rochas básicas, seguramente estiveron ao servizo das citadas e primeiras técnicas agrícolas, que se veñen considerando como a forma máis primitiva de produción agraria, como xa consideraba F.R. Vivelo a finais da década de 1970. A mesma técnica agraria (de queima, corta, sementeira e colleita ata esgotar os nutrientes do solo) atribúeselles con frecuencia aos construtores de megálitos no noroeste hispánico, como tamén ocorre noutras zonas megalíticas das zonas temperadas de Europa. Pero pezas cortantes puídas, tan características da panoplia neolítica, relaciónanse ademais cos traballos da madeira, xunto, como xa vimos, co cultivo de novas terras nun contexto dunha economía agraria que precisa tanto de deforestacións como do dito traballo da madeira en xeral. Efectivamente, as machadas e as aixolas foron, acompañadas do emprego do lume, as ferramentas deforestadoras esenciais durante esta nova etapa da prehistoria relacionada coa produción de alimentos, e non unicamente para procurarse novas terras de cultivo, senón ademais para fabricar cabanas, cercar poboados, así como outras novas ferramentas de madeira, sen esquecer os mangos para as propias aixolas e machados, elementos que desafortunadamente non se conservan no rexistro arqueolóxico debido á suma acidez dos solos, especialmente nestas terras do noroeste. Non debemos desbotar outros labores propios da horticultura ou, incluso, de traballos previos á sementeira, como a preparación da terra para recibir as sementes, oxixenala ou a necesidade de eliminar as raíces preexistentes.

Aínda que non deixa de ser un achado excepcional, queremos lembrar a utilización dunha aixola como arma nun contexto do Neolítico Final/Calcolítico. Foi nun enterramento colectivo no xacemento de Cova Foradada (Calafell, Tarragona), datado entre 5060-4400 BP. Entre outros restos humanos que acompañaban o achado, apareceu un cráneo cunha fractura mortal que, dados os seus caracteres morfolóxicos e biomecánicos, os investigadores atribúen a un golpe proporcionado por unha sachola puída, a que puido ser a causante do traumatismo *perimortem*.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: José María Eguileta Franco

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

musarqourense
museo arqueolóxico provincial de Ourense

